

URBANISMO e PATRIMONIO

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL ESTATUTOS DA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.-

ANUNCIO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada por medios telemáticos o xoves 08 de xullo de 2021, aprobáronse inicialmente os Estatutos da Entidade de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo.

No certificado de aprobación definitiva figuran os seguintes acordos:

Primeiro.- Acordar a aprobación inicial dos estatutos propostos por escrito presentado o día 3/06/21 (3668) da entidade de conservación do Parque de actividades económicas de Arteixo nos termos e condicións expostos e que se transcribe no anexo a teor dos exposto no presente documento.

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación no Boletín Oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión por prazo dun mes, así como na sede electrónica municipal e o tablón de anuncios.

De forma simultánea, notificar de forma individual aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono, a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e estatutos.

Contra esta Resolución, acto que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer de forma potestativa, RECURSO DE REPOSICIÓN ante o Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) ou xa directamente, RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Concelleiro delegado de Urbanismo e Patrimonio, D. Luís Alberto Castro Calvete no exercicio das competencias que lle foron conferidas na Resolución da Alcaldía nº 1513/2020 de 07/06/2021.

TABLÓN ANUNCIOS SEDE ARTEIXO